



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/3	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de setembro de 2021
Duración	Desde as 20:30 ata as 20:55 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Carmen López González como Secretaria accidental

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	NON
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Escusas de asistencia presentadas:

1. AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL:
«Enfermidade»
1. ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ:
«Asuntos personais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 15/07/2021

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data quince de xullo do dous mil vinte e un (15/07/2021), distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta de dita sesión foi aprobado por unanimidade dos presentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NUM.2021-1043 DE 12/07/2021 ATA A NÚM.2021-1428 DE 03/09/2021.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a o Número 2021-1043 de 12/07/21 ata a Número 2021-1428 de 03/09/21e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 2º TRIMESTRE 2021.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **SEGUNDO**





Concello de Lourenzá

TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 13/07/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

DACIÓN DE CONTA PMP 2º TRIMESTRE 2021.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2020, posto que o Período Medio Global foi de 8,98 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 13/07/2021.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

PREGUNTA P.POPULAR: Pregunta proxecto Mosteiro San Salvador

En primeiro lugar toma a palabra o Voceiro do Grupo Popular e da lectura á pregunta que seguidamente se trascribe:

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo anunciaba o pasado venres 18 de xuño as intervencións incluídas no Plan Nacional Xacobeo 21-22 entre a que se atopa recollida unha achega de 2 millóns de euros para o Mosteiro de San Salvador de Lourenzá.

Dende este anuncio, o goberno local de Lourenzá non deu a coñecer ningún tipo de información sobre o proxecto previsto para actuar no Mosteiro declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en





Concello de Lourenzá

1974.

Ante a falta de información por parte do goberno municipal e o interese dos veciños por coñecer a intervención que se realizará nesta construción emblemática para Lourenzá, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á alcaldesa de Lourenzá as seguintes preguntas:

1. ¿Conta o Concello de Lourenzá cun proxecto para intervir no mosteiro de San Salvador coa aportación de 2 millóns de euros anunciados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo?

En caso afirmativo

2. ¿En que fase de tramitación se atopa?

3. ¿E que intervencións concretas recolle?

4. ¿A que usos se destinaría o Mosteiro e que servizos prestaría?

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa dicendo que hay un paso previo a calquera proxecto que é facer unha cesión e que de momento non hay proxecto, que están en negociacións co Goberno Central e co Obispado e unha vez que o teñan convocarán unha mesa de traballo para estudialo, e que non queren facer política desto e por iso non puxeron nada na prensa, de feito o grupo popular sacou algo e non contestaron, temos que estar todos da man e unha vez esteña listo cada un intentará apuntarse o tanto como queira, eso foi o que se quedara na mesa de traballo.

O Sr. Rodríguez Barrera di que na mesa quedárase de falar co Ecónomo.

A Sra Alcaldesa contesta que ela falou co Ecónomo e co Obispo.

O Sr. Rodríguez Barrera di que quedaron en falar todos e que en canto a facer política ou non, fai pouco estivo un compañeiro da Alcaldesa en Lourenzá e sacou unha nota de prensa onde di que puido ver o proxecto e si eso é facer política ou non.

A Sra Alcaldesa dí que non sabe o que puxo, pero que non foi o Concello, continúa dicindo que tamén está esperando polo proxecto da Xunta que a día de hoxe ninguén se puxo en contacto con ela.

O Sr. Rodríguez Barrera pregúntalle á Sra. Alcaldesa si o desmintiu.

Intervén o Sr. Arango dicindo que o proxecto aínda non se sabe como vai ir, que naide ten o proxecto e tampouco o ten Mondoñedo que ten un proxecto para o Museo Diocesano e que hai que aclarar que calquer proxecto que se faga ten que ser con usos turísticos.

O Sr. Rodríguez Barrera dí que de iso está enterado porque se preocupou de facerlo e que si a Igrexa di que non vai haber cesión que están a perder o tempo, que quedaron en maio, en xullo recordoullo no Pleno (está na acta) e non recibiu resposta.

A Sra. Alcaldesa di que tan pronto teñan algo poñeranse en contacto con eles.





Concello de Lourenzá

Pregunta: PREGUNTAS VARIAS PLENO 09/2021

Intervén en primeiro lugar o Sr. Arango dicindo que en canto o prazo de presentar a preguntas polos partidos políticos para o Pleno deben de ser presentadas antes do peche do Rexistro Municipal, posto que non podern estar pendientes todos los días das preguntas. O Sr. Rodríguez Barrera pregunta cal é o horario, ao que se lle contesta que de outubro a maio ás 15,00 horas e o resto ás 14,00 horas.

1. XA DA ATA VERGOÑA PREGUNTAR, ¿COMO VAI O DA RPT DOS TRABALLADORES MUNICIPAIS?

A Sra. Alcaldesa responde que o borrador ya o ten e que se todo vai ben irá á Mesa de Negociación en outubro.

2. FAI POUCO ARRANXARON COS CARTOS DE TÓDOLOS VECIÑOS A PISTA QUE VAI A FONTE FRANCA (PARROQUIA DE SANTO TOMÉ), PISTA QUE DESTROZOU UN MADEIRISTA, PERO DEIXARON SEN LIMPAS AS CUNETAS DA PISTA QUE VAI ATA SAN ADRIANO DENDE ESE LUGAR, A PESAR DE SER AVISADOS POR UN VECIÑO. ¿QUE NOS PODEN CONTAR?.

A Sra. Alcaldesa contesta dicindo que esta pista non é solo limpias as cunetas, de feito foi Javier con Raul de Construccións Isidro Otero, e para que quede ben tiñan que ser con unha motoniveladora e por eso non se fixo.

O Voceiro do Grupo Popular di que o problema e que vai vir a auga.

O Sr. Arango di que lle fai gracia que diga "cos cartos de todos os veciños", porque non coñece outra forma de facer as obras ao que lle di o Sr. Rodríguez Barrera que o que destrozou a pista debería amañala.

3. NO ANO 2016, ESTE GRUPO MUNICIPAL PRESENTOU UNHA MOCIÓN PARA FACER UN CONVENIO CUNHA PROTECTORA DE ANIMAI, DITA MOCIÓN FOI APROBADA POR UNANIMIDADE ¿PORQUÉ SEGUIMOS SEN CONVENIO?.

A Sra Alcaldesa dí que esta pregunta xa lla contestou varias veces, que xa sabe o problema que teñen.

O Sr. Rodríguez Barrera di que mentras e non vai pasando o tempo, se non hai outra protectora, xa que van seis anos que se acordou nun pleno que tiña que haber un convenio con unha protectora e non o hai.

A Sra. Alcaldesa resposta que non pero que xa dixeron o porqué e que o servico está cuberto que de feito as rapazas da protectora viñeron igual a buscar dous animais.

O Sr. Arango toma a palabra dicindo que non entende que o Sr. Rodríguez Barrera esté nun partido que defende as corridas de toros.





Concello de Lourenzá

O Sr. Rodríguez Barrera dícelle ó Sr. Arango que está mui equivocado con él, que non apoia nin lle gustan as touradas e que hai opinións de tódolos gustos.

4. ¿PENSAN FACER ALGO CO LAMENTABLE ESTADO DE MANTEMENTO DAS ESTRADAS DA DIPUTACIÓN?.

A Sra Alcaldesa di que supón que se refire á limpeza das cunetas que o desbroce fixérono agora, o Sr. Rodriguez Barrera di que se fixo tarde, a Sra. Alcaldesa afirma que se fixo tarde e que supón que se refire á pista de Requeixo, que xa o solicitaron varias veces e que cando finalice o desbroce van vir limpiala, que está solicitado por escrito.

5. OUTRA PREGUNTA QUE TAMÉN DA VERGOÑA VOLVER A FACER ANO TRAS ANO ¿PORQUÉ TEMOS AINDA TANTAS ESTRADAS MUNICIPAIS SEN ROZAR ESTE ANO?

A Sra. Alcaldesa dí que esta pregunta xa a contestou varias veces e que espera que este mes cambie porque van a ter o tractor sempre.

O Sr. Rodríguez Barrera pregunta se no no tiñan sempre, a Sra. Alcaldesa comenta que un mes si e outro non e que con o retraso que había non se daba rozado todo, preguntando o Sr. Rodríguez se non se poder contratar a alguén como o ano pasado, contestando a Sra. Alcaldesa que non sempre se pode, que a partir de agora van ter o tractor sempre e esperan poder facelo ben.

6. NO ÚLTIMO PLENO HOUBO DÚBIDAS DO QUE VAN GASTAR NAS REFORMAS DA NAVE DA FEIRA ¿PODEN DECIRNOS O QUE VAN GASTAR?.

A Sra. Alcalde dí que o que se vai gastar na feira son 261.700 euros o que vai con cargo ao remanente máis o da cuberta que xa o explicou a Secretaria nun pleno.

O Sr. Rodríguez Barrera dí que aparecen 683.000 euros, a Sra. Alcaldesa di que eso ten que ver co crédito e que na regeneración de camiños van 400.000 euros.

O Sr. Rodríguez Barrera di que xa sabe que esa cantidade non se vai gastar.

O Sr. Rodríguez e Sra. Alcaldesa miran as cifras e debaten sobre elas.

7. VARIOS VECIÑOS QUEIXÁRONSE DA CALIDADE DOS TRABALLOS DE ASFALTADO FEITOS NAS PISTAS DE SOUTELO E A LAXE ¿QUEDARON VOSTEDES SATISFEITOS?

A Sra. Alcaldesa contesta que non sabe que veciños se queixaron, que houbo xente que chamou ao Concello para dicir que quedou ben.

O Sr. Rodríguez Barrera indica que algún veciño dixo que estaban saíndo herbas no asfalto.





Concello de Lourenz

A Sra. Alcaldesa di que non en comunicacin ningunha.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validacin: 56M65XCTN95XNY6DFTY39EQ3T | Correccin: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 7 a 7